



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE BAIONA PARA A “ACTUACIÓN NO ENTORNO DA PRAZA VICTORIA CADAVAL E NO TRAMO DA RÚA JULIÁN VALVERDE, DENDE O CRUCE COA RÚA JOSÉ PEREIRA TRONCOSO ATA A RÚA PORTA DO SOL” ENMARCADA NA FASE II DO CONCURSO DE IDEAS “HUMANIZACIÓN DA TRAVESÍA INTERIOR DE SABARÍS EN BAIONA”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONÓMICA

1.- ANTECEDENTES.-

A colaboración entre este departamento e o Concello de Baiona enmarcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo.

O Concello de Baiona solicita deste departamento axuda para executar as obras de “**Actuación no entorno da Praza Victoria Cadaval e no tramo da rúa Julián Valverde, dende o cruce coa rúa José Pereira Troncoso ata a rúa Porta do Sol**”, enmarcada na Fase II do concurso de ideas “Humanización da Travesía Interior de Sabarís –Baiona-”.

O concello de Baiona (Pontevedra) promoveu no ano 2008 un Concurso de Ideas para a futura humanización da travesía interior de Sabarís, dende a rotonda da Ponte Romana ata a rotonda “curva do manco”, a executar en tres fases: Fase 1, rúa Julián Valverde, Fase 2 Praza Victoria Cadaval e fase 3, correspondente á rúa Porta do Sol e Areas, concurso que culminou na Acta de conclusións do Xurado e posterior anteproxecto.

A parroquia de Santa Cristina da Ramallosa é un asentamento de carácter urbano pertencente ao concello de Baiona. Emprázase entre a desembocadura do río Miñor e o núcleo urbano de Baiona, (con presenza de múltiples edificacións pertencentes ao Conxunto Histórico Artístico de Baiona que foi declarado como tal e delimitado polo Decreto 48/1993, do 25 de febreiro, polo que se declara ben de interese cultural con categoría de conxunto histórico-artístico a zona antiga de Baiona) ao longo dun importante tramo do perímetro costeiro deste concello, na ría de Vigo.

Trala execución das fases primeira e terceira, o concello pretende impulsar a execución das obras correspondentes a parte da segunda fase, concretamente no ámbito do entorno da Praza Victoria Cadaval e o tramo da rúa Julián Valverde dende o cruce coa rúa José Pereira Troncoso ata a rúa Porta do Sol, cun ámbito de actuación de 5.523 metros cadrados de superficie, dada a necesidade de intervención urxente nesa zona por causa das deficiencias existentes nas rede de saneamento, pluviais e fecais, en aras da protección no medio ambiente, salubridade pública, á vez que se propón a creación dun espazo de calidade para os veciños de Sabarís.

A actuación nesta fase fundaméntase na reorganización do tráfico rodado nun só sentido de circulación en dirección a Baiona, e tamén o peonil coa eliminación de barreiras arquitectónicas.

O ámbito da actuación sitúase no núcleo da parroquia, como lugar de encontro onde se realiza o mercadillo semanal. Por iso na Praza Vitoria Cadaval preténdese a recuperación da cota orixinal,





converténdose nun espazo de lecer, con elementos vexetais que ofrezan sombra xerando un espazo amable que invite ao goce dos usuarios.

Dentro da actuación propónse a recuperación da contorna do edificio catalogado do Mercado Municipal, potenciándoo e poñéndoo en valor, con propostas encamiñadas a dotar de unidade a zona, e buscando unha maior integración e vinculación coa Praza Vitoria Cadaval e ponte medieval.

A intervención ten como prioridade a mellora das instalacións urbanas, tales como a rede separativa de pluviais e fecais, abastecemento, alumeado e soterrado de electricidade e telefonía, ademais de pavimentación e xardinería.

Deste xeito as accións de intervención mais destacadas que se prevén son, para o orzamento estimado, as seguintes:

- Traballos previos e demolicións.
- Preparación de terreos e movemento de terras.
- Firms e pavimentos
- Cantería e albanelería
- Equipamento e mobiliario
- Xardinería e paisaxismo
- Instalacións

2.- RAZÓNS DE OPORTUNIDADE.-

O feito de que as dotacións obxecto do presente convenio constitúan un equipamento necesario para o concello de Baiona e a concorrencia dos obxectivos de ámbalas dúas administracións asinantes para dar solución ás carencias de equipamento citadas, aconsella a subscripción deste acordo, para levar a efecto as actuacións necesarias para a execución das obras e a súa posta a disposición ao uso público.

Nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación. A competencia para o desenvolvemento destas actuacións, está contemplada no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería “*A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial*”.

3.- OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN.-

A finalidade do convenio é establecer as bases de actuación das partes asinantes, regular as obrigas que cada unha asume e fixar o marco xurídico-administrativo das súas intervencións.

Co desenvolvemento das cláusulas convidadas chegarase a execución das obras necesarias para conseguir que o concello de Baiona dispoña de espazos públicos acondicionados, en condicións axeitadas para a prestación do servizo público. Con iso conseguirase unha maior calidade de vida da poboación residente e da sociedade en xeral.





Por todo isto, ao considerar debidamente xustificada a necesidade das actuacións previstas, propónse a sinatura dun convenio de colaboración entre este Departamento e o concello de Baiona e, a través do mesmo, dar cumprimento os fins propostos.

4.- MEMORIA ECONÓMICA

O convenio, implica a asunción dunha obriga económica para a Facenda autonómica de **un millón cento sesenta e seis mil cento dous euros con setenta e tres céntimos (1.166.102,73 €)**, e coa seguinte estrutura de gasto:

Concepto	Importes en euros (con IVE)
Redacción de proxecto	32.297,37 €
Red. Estudio de seguridade e saúde	2.097,23 €
Execucións de obra	998.282,25 €
H. de dirección de Obra	13.841,73 €
Honorarios de dirección de execucións de obra	13.841,73 €
Honorarios de coor. de Seguridade e Saúde	3.145,85 €
<u>Subtotal</u>	1.063.506,16 €
10% Previsión para cert. final obra (estimado)	99.828,23 €
10% Hon. Cert. Final (estimado)	1.384,17 €
10% Hon Dir. Exec. Obra (estimado)	1.384,17 €
<u>Subtotal para cert. Final (estimado)</u>	102.596,57 €
Total	1.166.102,73 €

En consecuencia, segundo o disposto na Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, require a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Santiago de Compostela.

Documento asinado dixitalmente por María Encarnación Rivas Díaz, secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

